

NOTA DE PRENSA

O Auditorio Abanca de Santiago acolle mañá sábado un festival de música protagonizado por tunos veteranos de España, Portugal, Holanda e México

Tamén tocarán polas principais rúas e prazas de Compostela e haberá un acto académico na Universidade de Santiago

Estes actos enmárcanse nos “II Encuentros Toianos”, que conmemoran o centenario da primeira edición da novela *La Casa de la Troya* de Pérez Lugín

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2015 (Vía Láctea Comunicación).- Con motivo do centenario da primeira edición da novela *La casa de la Troya* de Alejandro Pérez Lugín (1915), a Asociación de Antiguos Tunos Composteláns, entidade que xestiona o Museo Casa da Troia, celebra hoxe venres e mañá sábado os “II Encuentros Troianos en Compostela”. No marco desta cita terá lugar o Festival do Centenario no Auditorio Abanca de Santiago, mañá sábado, ás 18:30 horas.

O encontro reúne a máis de 250 persoas integrantes de agrupacións de pulso e púa de tunas veteranas procedentes de diferentes puntos de España, Portugal, Holanda e México. De Portugal están a Quarentuna de Coimbra e a Tuna Veterana da Universidade Portucalense. Tamén participa Tuna España, conformada por tunos veteranos de diversas universidades españolas. México está representado pola Estudiantina de los Decanos de la Universidad de Querétaro. Completan o programa a Tuna Ciudad de Luz de Holanda e o Grupo de pulso e púa da Asociación de Antigos Tunos Composteláns-Casa da Troia.

Esta mañá fixeron unha ofrenda floral a Rosalía de Castro no monumento que homenaxea á ilustre poetisa galega na Alameda de Santiago, onde depositaron unha coroa de laurel e os tunos cantaron a canción “Pranto” (*Chora, chora, Rosalía, baixo o ceo en Santiago...*). Ademais, o alcalde da cidade, **Martiño Noriega**, visitou o Museo Casa da Troia. Pola tarde, as agrupacións participantes realizarán unha ofrenda ao Apóstolo na Misa do Peregrino da Catedral compostelá. E a partir das 20:30 horas iniciarán un pasarrúas polo casco histórico.

Acto académico presidido polo reitor da Universidade de Santiago

Os actos de mañá sábado comezarán ás 12:00 horas, cunha fotografía oficial destes encontros coas agrupacións participantes na praza de Praterías. De seguido, ás 12:15 horas, realizarán un pasarrúas ata o pazo de Fonseca, onde ás 12:30 horas se celebrará un acto académico na Universidade de Santiago presidido polo reitor, **Juan Vialto**; con conferencias do profesor **José Carro Otero**, que abordará a Casa da Troia como un museo de si mesma; e do profesor **Francisco Durán Villa**, membro da Asociación de Antigos Tunos Composteláns, que falará sobre a cidade de Santiago no tempo no que transcorre a historia da novela de Pérez Lugín. Unha vez rematado o acto, ás 14:00 horas, os tunos actuarán na praza de Fonseca.

“Festival do Centenario” no Auditorio Abanca

Pola tarde terá lugar o acto central deste encontro, o “Festival do Centenario”, que comezará ás 18:30 horas no Auditorio Abanca. As entradas poden adquirirse a 5 euros para butaca e a 3 euros para o anfiteatro en diversos establecementos da cidade: Librería Toural, Amboa, café Zum Zum, Librería Couceiro e no Casino.

No festival actuarán sete tunas, as seis participantes nestes encontros, xunto coa Tuna de Dereito da Universidade de Santiago. Cada unha delas interpretará catro pezas, alomenos unha do repertorio musical galego e outra típica da súa universidade de procedencia. A tuna da Asociación de Antigos Tunos Composteláns, dirixida polo mestre Fernando Reyes, estreará despois de cen anos a canción “La Alfonsina”, de Canuto Berea. O festival durará entre tres e catro horas e poderán escoitarse cancións tan populares como “A Santiago voy”, “Guantanamera”, “El beso”, “Rianxeira”, “Catro vellos mariñeiros” ou a xa mítica “Fonseca”.

As celebracións continuarán cunha noite de música polas rúas de Compostela: rúa do Franco, praza de Cervantes, Acibechería e barrio de San Martiño Pinario. E o broche final porao unha sesión musical das agrupacións participantes neste encontro no Casino da cidade.

Este proxecto está patrocinado polo Concello de Santiago, a Consellería de Cultura, a Deputación da Coruña e a Fundación Abanca. E conta coa colaboración da Universidade de Santiago e a Asociación Hostelería Compostela. O Museo Casa da Troia, que permanece pechado durante os meses de inverno, abrirá especialmente para a ocasión dende o xoves 5 ata o domingo 8 de novembro. O sábado abrirá de 12:00 a 15:00; e o domingo de 11:00 a 13:00 e de 16:00 a 19:00 horas.

PRENSA_ 981 554 407 _ 639 768 929 www.vialactea.es

www.lacasadelatroya.org